

## **Santín expresa o seu apoio a María Loureiro, “quen soubo consolidar e fortalecer a alternativa de cambio seguro iniciado por Melchor en 2003”**

“Non se me ocorre ninguén máis acertado que María para liderar esta oportunidade. Grazas alcaldesa, como socialista, porque eres unha excelente candidata, e grazas, como cidadán, por dar a cara nun momento de tanta incertidume e desconfianza política. Aceptando este reto, demostras que apostas pola política aberta e limpa como a ferramenta máis digna para Viveiro”, destacou

Loureiro reconece sentirse “disposta a afrontar este reto, que se resume en traballar xuntos polos cidadáns”, e adianta que seguirá apostará polo “mantemento dos servizos sociais, por impulsar accións que permitan reducir o paro e por potenciar a oferta cultural e deportiva, co fin de que Viveiro sexa unha cidade atractiva non só para os visitantes, senón para os que eliximos con orgullo vivir nela”, afirmou

Lara Méndez destaca a valía e compromiso da alcaldable para seguir á fronte do concello, presentando unha candidatura que combina experiencia cunha renovación do 50% nos dez primeiros postos

**VIVEIRO, 30 DE ABRIL DE 2015.-** O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, a vicepresidenta Segunda da Deputación –Lara Méndez-, e a secretaria da executiva nacional do PSdeG e número tres da lista –María Isabel Rodríguez López- arrouparon este xoves a María Loureiro na presentación da candidatura coa que a socialista concorre ás eleccións de maio. Deste xeito, o dirixente o Partido na provincia e Lara Méndez expresaron o seu apoio á alcaldable, quen, tal e como subliñou Santín, “soubo consolidar e fortalecer a alternativa de cambio seguro iniciado polo PSOE, da man de Melchor Roel, en 2003”.

“Non se me ocorre ninguén máis acertado que María para liderar esta oportunidade. Grazas alcaldesa, como socialista, porque eres unha excelente candidata, e grazas, como cidadán, por dar a cara nun momento de tanta incertidume e desconfianza política. Aceptando este reto, demostras que apostas pola política aberta e pola política limpa como a ferramenta máis digna para Viveiro”, destacou o secretario Provincial, quen dixo que “os veciños necesitante porque só os socialistas podemos garantir a igualdade, a participación social, cultural e cívica; en definitiva, un proxecto que protexa a todos e que governe para todos. Hoxe máis ca nunca, María, Melchor estaría orgulloso de ti”, apuntou Santín.

### **“O Partido para a sociedade”**

Loureiro iniciou as súa intervención, manifestando que “é emocionante e gratificante verse rodeado dos meus veciños”. “Eu dixen si ao Partido, e agora o fago ante vós, e con vós. Síntome moi orgullosa e disposta a afrontar este reto, que se resume en traballar xuntos polos cidadáns”, sinalou diante dos asistentes.

“O Partido só é decisivo se traballa por e para a sociedade. Non é a sociedade para o Partido, senón o Partido para a sociedade”. Por iso, reconeceu publicamente que “teño ao mellor equipo e un proxecto con propostas solventes, concretas e realistas”. Neste senso, adiantou que, se revalida a confianza da cidadanía, seguirá traballando para “manter os servizos sociais, impulsar políticas que permitan reducir o paro, ademais de apostar de xeito decisivo por potenciar a oferta cultural e deportiva, co fin de que Viveiro sexa unha cidade atractiva non só para os visitantes, senón tamén para os que eliximos con orgullo vivir nela”.

### **“Representamos a igualdade”**

Asemade, a alcaldable manifestou a súa satisfacción porque coa súa candidatura “representamos a igualdade”. “En Viveiro preséntanse cinco forzas políticas e só unha muller encabeza unha, que é a nosa, a do Partido Socialista, a do Partido que dende sempre loitou para lograr unha sociedade máis xusta”. A este respecto, subliñou que son “as súas convicións” as que a levan “a este desafío” e que as “forzas e as razóns veñen tamén dos demais porque sodes vós os que me dades o empurrón, o mesmo que me deu o meu pai político, Melchor Roel”, insistiu.

### **Valía e compromiso da candidata**

A Vicepresidenta Segunda da Deputación destacou a valía e compromiso de María Loureiro para seguir á fronte do Concello de Viveiro. “Os veciños sábeno, saben que poden contar con ela e co PSdeG para traballar para todos os vivarienses, atender as súas demandas e preocupacións, e seguir facendo de Viveiro un concello dinámico e atractivo”.

“Alí onde gobernamos, os socialistas somos a principal barreira fronte aos brutais recortes sociais da dereita. Demostrouno María Loureiro en Viveiro e demostrámolo na Deputación, onde incrementamos a niveis históricos os investimentos para crear emprego e para garantir a prestación de servizos sociais básicos, como a Axuda no Fogar ou a teleasistencia, que os Gobernos do PP na Xunta e o Estado deixaron de financiar dun día para outro”, asegurou a Vicepresidenta.

### **Candidatura ao completo**

María Loureiro lidera así, unha candidatura que combina experiencia cunha renovación nos principais postos de saída, pois nos dez primeiros integrantes, renova cinco; o que supón un cambio do 50%. Concretamente, os números catro, cinco, seis, sete e dez son novas incorporacións. Con todo, a lista completa é a seguinte:

- 1.- María Loureiro García
- 2.- Jesús Antonio Fernández Cal
- 3.- María Isabel Rodríguez López
- 4.- Jesús Fernández Fernández
- 5.- Lara Fernández Fernández-Noriega
- 6.- Emilio Villamea Méndez
- 7.- María Soledad Rey Yáñez
- 8.- Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro
- 9.- María Carmen Franco Díaz
- 10.- Jacobo Bermúdez Guerreiro
- 11.- Telma Candura Regal
- 12.- Vicente Hermida Rodríguez
- 13.- Vitorina Candeias Raposo de Matos
- 14.- Jesús Chao Da Silva
- 15.- María José Viña Bañobre
- 16.- José Miguel Sánchez Vázquez
- 17.- Aurelio Goas Gómez

### **Suplentes:**

- 1.- Olga María Méndez Carro
- 2.- José Manuel Fernández García
- 3.- María Dolores Fraga Fernández